Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Os encantos do Penido do Castro

Desde o Torrillón cara Viveiro, por onde ían e viñan os veciños de por alí para mercados e feiras, pásase polo Penido do Castro, Rigueira, concello de Xove (Lugo). Nesa rota, preto do Cadaval, por detrás do Penido do Castro sentíase unha música e víanse bogadas de roupa estendida. Segundo a xente se achegaba ó lugar, desaparecía a roupa e a música deixaba de soar.

Todos sabían que era cousa dos encantos, dos «espíritos de persoas que quedaron encantadas», segundo o sabio parecer de Xosefa Rita Míguez.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

COLEXIO PÚBLICO DE XOVE, A fonte da vida longa, concello de Xove, 1989, p. 45.